

Explicación Cuestionario Kant *¿Que é a ilustración?*

- Conectando as expresións **minoría de idade** ou **minoría de razón** e **maioría de idade** ou **maioría de razón** coa **ilustración**, diríamos que a ilustración é o paso da minoría de idade ou de razón á maioría de idade ou de razón. Para Kant, a ilustración consiste na liberación do ser humano da súa incapacidade de razoar por sí mesmo, saír da minoría de idade. Precisamente, segundo Kant, a ilustración supón o paso da minoría á maioría de razón. A ilustración, para Kant, significa emancipación ou liberación, posto que se alcanzamos a plena maioría de razón, somos quen de *servirnos do noso propio entendemento* (como di Kant). Pensar por nós mesmos é estar en maioría de razón. Mentras que a minoría de razón sería aquela condición na que nos atopamos cando non exercitamos o noso propio entendemento (*Verstand*) e deixamos que outros pensen, e polo tanto, decidan por nós. Por iso, o lema ou slogan da ilustración, en palabras do filósofo alemán, é *¡Sapere aude! ¡Atrévete a pensar!*
- Kant fala de **culpable estado de minoría de razón**, xa que son os propios individuos quen, tendo por natureza (natureza humana racional), uso de razón, consinten por comodidade, preguiza ou covardía que outros individuos (**tutelas**) pensen por eles. Ilustrarse para alcanzar a maioría de razón significa emanciparse de toda tutela. Os ilustrados consideran que estas tutelas son exercidas, principalmente, polo clero (de aí a alusión no texto ao *pai espiritual*). A **ilustración** é un **movimento anticlerical**, pero non necesariamente ateo no seu conxunto, dado que hai pensadores ateos, como por exemplo **Sade**, **Hume**, **Diderot**, **D'Holbach**, pero outros filósofos postulan a existencia dunha relixión racionalista e dun deus de corte filosófico (**deísmo**), caso de **Voltaire** e **Rousseau**. En todo, caso a ilustración no seu conxunto mantén unha postura claramente anticlerical, pois defenden a idea de que os curas manteñen ao pobo na minoría de razón.

https://es.wikipedia.org/wiki/Ate%C3%ADsmo_en_la_Ilustraci%C3%B3n

https://es.wikipedia.org/wiki/De%C3%ADsmo_en_Inglaterra_y_Francia_durante_el_siglo_XVIII

- Esta **postura anticlerical** tamén queda patente na propia autocomprensión do movemento ilustrado, pois son os propios ilustrados quen autocualifican a súa época como o **século das luces**. As **luces** da **razón** van desterrar definitivamente as tebras. Neste caso, as **tebras** identifícanse, principalmente, coas **supersticións relixiosas** nas que cre o pobo (demos, miragres, santos, anxos, etc.). Xa dixemos que hai filósofos ilustrados declaradamente ateos, pero non resulta correcto afirmar que o movemento ilustrado é no seu conxunto ateo, pois existe unha especie de **teoloxía filosófica** que, desterrando as supersticións propias da relixiosidade popular, elaborará unha imaxe filosófico-racional da divinidad (**deísmo ilustrado**).
- A contraposición entre **razón=luz vs. escuridade=ignorancia** non é novedosa, senón que é unha imaxe recorrente na filosofía occidental (especialmente en **Platón** e no neoplatonismo, **Agustín de Hipona**). En todo caso, esta idea da **luz** como sinónimo de **saber** e **razón** queda ben reflectida no propio nome deste movemento cultural tan heteroxéneo, porque abrangue diversos ámbitos da cultura e do saber (filosofía, arte, ciencias, etc.): **iluminismo**, nome que se lle dá tamén a ilustración. Nas outras linguas europeas tamén está presente esta imaxe da luz ou da claridade como símbolo de racionalidade: *Enlightenment*, *Aufklärung*, *i lumini*, *les lumières*.
- A condición indispensable para que as persoas poidan pensar por si mesmas é a **liberdade**. Pero Kant menciona unha liberdade moi específica, a saber, a **liberdade**

de facer uso público da razón. A liberdade para poder pensar e para poder divulgar os pensamentos. Falaríamos en termos actuais de liberdade de opinión e de liberdade de expresión. Kant fala de poder facer un **uso público da razón**. Neste punto, como noutros, o filósofo alemán recolle certas ideas que proceden da **ilustración inglesa**, por exemplo de **Locke** e da súa obra **An Essay Concerning Toleration**. Precisamente, este libro establece de maneira nítida a distinción entre **Igrexia e Estado**, indicando que o gobernante non pode prescribir aos súbditos nin o culto que deben practicar nin as crenzas que deben profesar. Nesta obra, Locke fixa con claridade unha das liberdades civís básicas no ámbito da relixión (na liña propia do **liberalismo** que el mesmo inaugura). Atopamos en **Locke** a reivindicación dunha certa **liberdade de pensamento ou de conciencia** (Locke non as distingue con claridade, na miña opinión), posto que hai crenzas relixiosas que o gobernante debe permitir. Pero non podemos falar de que o ilustrado inglés defenda abertamente a liberdade de expresión en materia relixiosa, posto que hai certas crenzas ou opinións relixiosas que o gobernante ten que prohibir e perseguir (porque constitúen unha ameaza para a comunidade política, para o Estado). Mentras que a **liberdade de culto** sería practicamente completa (sempre e cando non se cometan actos contrarios ás leis). Evidentemente, todas estas ideas de **Locke** acerca do que hoxe en día denominaríamos a **liberdade relixiosa** dos individuos son importantes e serán recollidas e reelaboradas por **Kant** e os demais ilustrados. Será, principalmente, **Voltaire**, quen critique todas as expresións de intolerancia, no seu libro **Traité sur la tolérance**.

- A *primeira* ilustración empeza en **Inglaterra** (tamén a primeira **revolución liberal-burguesa** que instaura unha monarquía parlamentaria). Son os liberais ingleses os que acuñan a expresión ***freethinkers* (librepensadores)**. Esta noción de **liberdade de pensamento** contraponse no movemento ilustrado á idea do adoctrinamento relixioso. A ilustración fai un chamamento a que nos convertamos en librepensadores. Por tanto, un concepto oposto da liberación dos prexuízos e das supersticións sería o adoctrinamento relixioso. Outros conceptos antónimos, se nos centramos na idea de uso público da razón, serían a opresión e o despotismo. Obviamente, tamén poderíamos falar da **censura** como concepto contrario á liberdade de expresión.
- Empecemos por dicir que queda claro que en materia de **relixión** o gobernante non debe inmiscuirse nas crenzas que profesan os membros do Estado. Xa **Locke** deixouno sentado no escrito anteriormente mencionado, se ben fixa unhas restriccións ou prohibicións ás crenzas que poidan socavar a estabilidade do Estado.

Kant defende a a mesma idea que Locke. Ademais, o filósofo alemán tamén pretende preservar o saber e o coñecemento en xeral de calquera interferencia dos poderes públicos á hora de limitar a **liberdade de pensamento**. Cito a Kant: "En lo que concierne a su propia persona, un hombre puede eludir la Ilustración, pero sólo por un cierto tiempo en aquellas materias que está obligado a saber, pues renunciar a ella, aunque sea en pro de su persona, y con mayor razón todavía para la posteridad, significa violar y pisotear los sagrados derechos de la humanidad. Pero, si a un pueblo no le está permitido decidir por y para sí mismo, **menos aún lo podrá hacer un monarca** en nombre de aquél, pues su autoridad legisladora descansa, precisamente, en que reúne la voluntad de todo el pueblo en la suya propia. Si no pretende otra cosa que no sea que toda real o presunta mejora sea compatible con el orden ciudadano, **no podrá menos que permitir a sus súbditos que actúen por sí mismos en lo que consideran necesario para la salvación de sus almas. Esto no le concierne al monarca**; sí, en cambio, el evitar que unos y otros se entorpezcan violentamente en el trabajo para su promoción y destino según todas

su capacidades. El monarca agravia su propia majestad si se mezcla en estas cosas, **en tanto que somete a su inspección gubernamental los escritos con que los súbditos intentan poner en claro sus opiniones**, a no ser que lo hiciera convencido de que su opinión es superior, en todo caso se expone al reproche *Caesar non est supra Grammaticos*, o bien que rebaje su poder supremo hasta el punto de que ampare dentro de su Estado el **despotismo espiritual de algunos tiranos** contra el resto de los súbditos." Polo tanto, nesta cita extraída de *¿Qué é a ilustración?*, o filósofo ilustrado deixa sentado que o poder civil non pode censurar nin perseguir as crenzas relixiosas dos súbditos nin tampouco entrometerse nas opinións dos seus súbditos sobre outras materiais relacionadas co saber e o coñecemento en xeral.

- As distincións de **usos da razón (privado/público)** son a parte máis importante deste artigo publicado nun magazin berlinés, cinco anos antes da Revolución Francesa. Os seres humanos son seres racionais (definición kantiana da *persoa* como suxeito con uso de razón, idea que tamén está noutros ilustrados), por tanto, deben exercer con liberdade o uso de razón no espazo público. Falamos da **liberdade de expresión** e falamos do **espazo público** e a **opinión pública** como espazos, ámbitos cívicos, a saber, dos cidadáns. Nese ámbito é fundamental que circulen as ideas para que unha sociedade se poida ilustrar. Todos os cidadáns deben poder facer un **emprego público da razón**, pero especialmente o **erudito-escritor** (*Gelehrter*). Kant refírese con esta expresión ao intelectual, ao experto, ao coñecedor dunha materia (o docto). Kant pensa especialmente nun erudito-escritor que se dirixe ao seu público de lectores mediante un escrito. O uso público da razón debe ser permitido sempre, porque contribúe de forma esencial ao progreso da ilustración.
- Mentras que o **emprego privado da razón** pode ser restrinxido sen que supoña merma algunha para o avance da ilustración. Entendemos, como di Kant, por **uso privado da razón** aquel que unha persoa fai do seu entendemento no exercicio dun posto, cargo ou función, precisamente como **funcionario** (en sentido amplo da palabra) dunha institución pública ou privada. No desempeño dun posto temos que aternos ao traballo profesional que exercemos e o noso uso de razón debe ser limitado en beneficio do servizo que prestamos para a institución na que traballamos e os seus integrantes.
- Collendo o **exemplo do militar e do cura**, estes están a facer un uso privado mentres se rexan polas normas marcadas pola institución para a que traballan. En palabras de Kant, executan unha *encomenda allea*, a saber, actúan baixo as indicacións que lles fan as persoas xerarquicamente superiores que dirixen esa institución (igrexia ou exército). Pero ese mesmo militar ou cura fará un uso público da súa razón no momento en que en calidade de experto, con amplos coñecementos na materia, exprese publicamente aos demais as súas opinións sobre determinados aspectos da administración militar ou do credo da igrexa, por exemplo. Kant reclama que aos intelectuais se lles permita divulgar as súas ideas sen ningún tipo de cortapisas (censura). Se ben admite, que baixo un posto ou no desempeño dun cargo se poida limitar a liberdade de pensamento.
- Esa separación de esferas **uso público/privado da razón** resulta fundamental. Pode parecer pouco relevante, posto que cabería argumentar que hai un ámbito no que as persoas, en tanto que *funcionarios*, se ven limitadas no seu uso de razón. Pero, coido que Kant trata de preservar alomenos un espazo libre da interferencia de calquera tipo de poder, civil ou eclesiástico, para que as ideas poidan circular libremente entre o *gran público*. Recordo unha polémica de hai xa moitos anos, cando da Segunda Guerra do Golfo, a invasión militar de Irak que derrocou a Sadam

Hussein e na que participou España, gobernada en aquel momento por José María Aznar (PP). Ben, o maxistrado da Audiencia Nacional, Baltasar Garzón, publicara un demoledor artigo de opinión en *El País*, criticando a intervención militar das potenciais occidentais por inmoral e sobre todo por ilegal, a saber, e como argumentaba Garzón, por ser contraria ao Dereito Internacional e por non contar coa cobertura das Nacións Unidas. A reacción dos sectores conservadores afíns ao goberno foi fulminante. Fundamentalmente, se lle reprochaba a Garzón que un funcionario do Estado non podía criticar publicamente unha decisión das autoridades gubernamentais (uso privado da razón). O propio Garzón replicaba que manifestaba a súa opinión contraria á intervención militar non en tanto que maxistrado do poder xudicial do Estado español, senón en calidade de erudito e cidadán. Isto é, en tanto que cidadán dunha sociedade democrática e experto en Dereito, reivindicaba un ámbito de libre expresión das súa ideas (ben fundadas, diría Kant).

- Pasemos a noción de **progreso** en Kant. Na cita na que se recolle a idea de **progreso** no texto non só menciona Kant o aumento nos coñecementos dunha época, senón que tamén se refire á ausencia de falsedades. Kant conecta o progreso co avance nos **coñecementos** (*depurados de erros*, como el afirma). Progresar significa avanzar nos coñecementos que posúe a humanidade no seu conxunto. Saber e progreso van da man. De aí esa teima ilustrada por tratar de recopilar o conxunto dos coñecementos acumulados pola humanidade ate o de agora. Neste sentido hai que entender a **Enciclopedia Francesa** e a **Enciclopedia Británica**: síntese do saber acumulado ao longo de séculos pola humanidade en todas as áreas de coñecemento.

<https://redhistoria.com/la-enciclopedia-faro-del-conocimiento-de-la-ilustracion/>

- Respecto do **progreso** hai outra cuestión máis, ao falar do progreso, o filósofo alemán menciona a *natureza humana*. Faino por un dobre motivo; en primeiro lugar, porque progresar, avanzar, é parte esencial do ser humano, digamos que forma parte da **natureza humana**. En segundo lugar, porque ese progreso (propio da natureza humana) ven da man doutro rasgo inherente ao ser humano, a saber, a **razón**. Esta facultade exclusivamente humana é a que fai posible o continuo avance da humanidade.
- Obviamente, os ilustrados non conciben o progreso soamente no plano científico-tecnolóxico. Tamén se preocuparon polo **progreso moral** da humanidade. Podemos falar da **ética kantiana**, como unha ética que busca a **autonomía moral**, que a persoa sexa quen de rexirse polo seu propio código moral universalizable, a saber, unhas normas que, na medida en que poidan establecer un deber moral para o propio suxeito, poidan valer como normas morais para os demais.
- A idea ilustrada de **progreso** tamén ten unha **dimensión política**. O réxime político que prevalecía, en casi todas partes de Europa, era equiparable a unha monarquía absoluta. Pero, partindo das ideas ilustradas, sentáronse as bases da **monarquía parlamentaria** (Segundo tratado sobre o goberno de Locke), da **separación de poderes** do Estado (O espírito das leis de Montesquieu), ou da implantación dun **goberno republicano** (Do contrato social de Rousseau). Debemos tomar en conta as **revolucións-liberal burguesas** que trasladaron os ideais ilustrados (burgueses) ao plano da realidade política, caso das revolucións inglesa, americana e francesa. Identifico os ideais ilustrados coa burguesía, porque evidentemente, estas ideas de razón, progreso e liberdade constitúen o ideario dunha clase social que conquista o poder político ao longo da modernidade nas tres oleadas revolucionarias que acabo de mencionar.

- **Modernidade e Ilustración:** ¿dous proxectos idénticos e converxentes ou diferenciados e diverxentes? Respondo que hai quen considera a modernidade e a ilustración como dous proxectos diferenciados: a **modernidade** constituiría un **proxecto de corte científico-tecnolóxico**, que tamén se pode atopar na filosofía, encamiñado ao dominio da natureza por medio da ciencia e a técnica. A súa plasmación máis evidente sería a **Revolución Científica**, da man de figuras como **Bacon, Galileo, Descartes** ou **Newton**. A filosofía de **Francis Bacon** recollería este proxecto moderno na súa obra **Novum Organon**, no que se equipara **saber e poder**: o coñecemento das leis naturais permite o control dos elementos e forzas da natureza a través da tecnoloxía. Saber é poder (sobre a natureza).
- A seña de identidade da **ilustración** sería a dun **proxecto eminentemente emancipatorio**, normativo, que pensa en base á razón o que **debería ser** no plano ético e político (a diferenza da modernidade que coñece o **ser**, o que é, as leis naturais). O proxecto ilustrado aspira ao triunfo definitivo do saber e a razón postas ao servizo dunha sociedade racional, isto é, libre, igualitaria, fraternal e xusta.
- Estas dúas perspectivas, a de control sobre a natureza e a da emancipación política, quedan recollidas nunha das obras filosóficas máis importantes do século XX. Estou a falar da **revisión crítica da ilustración** que fixeron pouco despois de rematar a Segunda Guerra Mundial dous dos máis destacados representantes da **Escola de Frankfurt**, **Max Horkheimer** e **Theodor Adorno**, **Dialéctica da Ilustración**. Dixemos antes, ao fío de **Francis Bacon**, que **saber é poder** sobre a natureza. **Horkheimer** e **Adorno** engaden, saber é poder sobre a natureza e sobre o propio home. A dobre cara da **ilustración** como **emancipación** e como **dominación**: ciencia e técnica como liberación da natureza mediante o seu control, pero que leva ao dominio sobre o propio home en tanto que parte da natureza.
- A valoración da ilustración como triunfo ou fracaso, ou como emancipación ou opresión resulta complicada na medida en que vai ligada a unha determinada clase social. Persoalmente, considero que cabe separar a crítica da burguesía da crítica ou valoración do proxecto ilustrado. Deixando a un lado que a **burguesía** se fixese con control do Estado (que diría **Marx**, por certo, un produto burgués na súa versión de Estado-Nación, como sinala o autor no **Manifiesto Comunista**) para poñelo ao servizo dos seus intereses particulares de clase, a pregunta é: ¿o proxecto ilustrado era emancipatorio en si mesmo?, ¿ate que punto se cumpriron realmente os ideais ilustrados de razón, liberdade e progreso? O progreso científico-tecnolóxico parece indiscutible, pero ¿ocorre o mesmo co progreso moral e o político?
- A explicación da diferenza **época ilustrada/época de ilustración** é moi interesante. A **época ilustrada** sería aquela na que os cidadáns xa están en pleno exercicio do seu entendemento, opinando e manifestando as súas ideas libremente e sen ningún tipo de titores, nin de tutelas, nin de censura. Sería unha época e unha sociedade de persoas en maioría de razón. Por contra, a **época de ilustración** é aquela na que os cidadáns xa abandoaron a minoría de razón, independizáronse das *tutelas alleas* (como di Kant), empezan a pensar por si mesmas. Pero todavía non alcanzaron definitivamente a maioría de razón, pero marchan con paso firme cara ela.